

**MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,**

**CERTIFICO:** Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ORDINARIA celebrada o catro de febreiro de dous mil quince, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

**15/65 MODIFICACIÓN DO ACORDO NUMERO 11/32 DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL RELATIVO Á “CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PLAN DE SINALIZACIÓN HORIZONTAL . APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO. APERTURA DO PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN” PARA OS EFECTOS DE CORRIXIR A CLÁUSULA OITAVA –PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS- DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS.-** Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta do Xefe de Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, do 2 de febreiro de 2015 que, na súa parte expositiva, fai constar:

“Examinado o expediente de referencia e vistos:

1º.- O acordo da Xunta de Goberno Local numero 11/32, do 21 de xaneiro de 2015, polo que se aproba a contratación das obras do Plan de sinalización horizontal, o proxecto técnico, os pregos de cláusulas administrativas, o gasto e adxudicación por procedemento aberto.

2º.- Que existe unha contradición entre o procedemento de adxudicación proposto na cláusula quinta dos pregos de cláusulas administrativas, isto é o procedemento aberto, e a cláusula oitava dos pregos relativo ó prazo de presentación de proposicións que indica que ‘O prazo de presentación de proposicións será o sinalado nas invitacións cursadas ás empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato que participen no procedemento’ e que se refire claramente aos procedementos negociados. Contradición que se mantén entre esta cláusula oitava dos pregos e o apartado resolutivo quinto do acordo 11/32 que ordena a publicación dun anuncio de licitación.

Dado que se trata dunha contradición dos pregos de cláusulas administrativas debe procederse á corrección deste erro e á modificación da cláusula oitava do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación das obras do plan de sinalización horizontal e que debe dicir:

**OITAVA. ANUNCIO DE LICITACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS.**

*O Concello de Lugo publicará un anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello ([www.lugo.es](http://www.lugo.es))*

*O prazo de presentación de proposicións será de **vinte e seis días naturais** contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.”*

Código Seguro de verificación:L5TWDqdIqb8MkKCjFY+D6g==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>  
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	11/02/2015
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	L5TWDqdIqb8MkKCjFY+D6g==	PÁGINA 1/3



**ACTAS E GOBERNO**

MGF/cvr

Refª: 15x070150065

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 4-2-015

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde Delegada da área respectiva, e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excmo. Sr. DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, Alcalde Presidente do Concello de Lugo (Grupo Municipal Socialista -GMS-); Ilmo. Sr. DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Urbanismo e Medio Ambiente (GMS); Ilma. Sra. DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación (GMS); Ilma. Sra. DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua (GMS); Ilmo. Sr. DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Infraestruturas e Medio Rural (GMS); Ilmo. Sr. DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Deportes (GMS); Ilma. Sra. DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Benestar Social e Igualdade (GMS); o Ilmo. Sr. DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Servizos Xerais e Participación Cidadá (GMS); e a Ilma. Sra. DONA ROSANA RIELO ROZAS, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Desenvolvemento Local (GMS),

**ACORDA:**

PRIMEIRO.- Modificar o apartado segundo da parte resolutive do acordo número 11/32 da Xunta de Goberno Local do día 21 de xaneiro de 2015 relativo á CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PLAN DE SINALIZACIÓN HORIZONTAL. APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN, en particular a cláusula oitava do prego de cláusulas administrativas particulares que quedará redactada como se indica a continuación e con mantemento do resto de cláusulas aprobadas:

**“OITAVA. ANUNCIO DE LICITACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN.**

O Concello de Lugo publicará un anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello ([www.lugo.es](http://www.lugo.es))


O prazo de presentación de proposicións será de **vinte e seis días naturais** contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo”

SEGUNDO.- Continuar coa tramitación regulamentaria do expediente administrativo.

**E para que así conste no expediente, coa expresa advertencia prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de que a Acta da sesión na que foi adoptado o acordo transcrito aínda non foi aprobada, e a reserva dos termos que resulten**


2

Código Seguro de verificación:L5TWDqdIqb8MkKCjFY+D6g==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>  
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	11/02/2015
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	L5TWDqdIqb8MkKCjFY+D6g==	PÁGINA 2/3
			
L5TWDqdIqb8MkKCjFY+D6g==			

da aprobación desta, expídese esta certificación de orde do Excmo. Sr. Alcalde, don José Clemente López Orozco, coa súa sinatura e a da Ilma. Sra. Dona María del Carmen Basadre Vázquez, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e Secretaria da Xunta de Goberno Local.

Código Seguro de verificación:L5TWDqdIqb8MkKCjFY+D6g==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>  
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	11/02/2015
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	L5TWDqdIqb8MkKCjFY+D6g==	PÁGINA 3/3
 L5TWDqdIqb8MkKCjFY+D6g==			